

MECANISMOS DE COHESIÓN TEXTUAL



A cohesión non se refire ao significado do texto senón a como está construído; á maneira en como se conectan entre si os seus elementos para conseguir un resultado lóxico, fácil de entender e fluído. Os recursos lingüísticos que empregamos para establecer esas conexions entre as oracións coñécense como **mecanismos de cohesión textual**.

Os procedementos de cohesión textual clasifícanse en:

Mecanismos de cohesión léxica

Refírese aos mecanismos que emprega a lingua para relacionar o texto coa realidade á que fai referencia. Os principais mecanismos de cohesión léxica son a repetición, procedementos referenciais (anáfora, catáfora, deíxe), a substitución (sinónimos, antónimos, hiperónimos, metáforas, orde...). Onda eles cobra especial importancia a metonimias, paráfrases, perifrases) e a suprerpuntuación.

Mecanismos de cohesión gramatical

Refírese á vinculación que existe entre as diversas oracións e os parágrafos que configuran o texto. Para marcar esta relación utilizanse unha serie de palabras que denominamos conectores (explicativos, temporais, comparativos, de (sinónimos, antónimos, hiperónimos, metáforas, orde...)). Onda eles cobra especial importancia a metonimias, paráfrases, perifrases) e a suprerpuntuación.

MECANISMOS LÉXICOS DE COHESIÓN

Entre os **mecanismos léxicos de cohesión** más empregados encóntranse as **repeticiones ou recorrencias**, os procedementos referenciais (anáfora, catáfora, deíxe), as substitucións e as elipses ou eliminacións.

REPETICIONES OU RECORRENCIAS

► Repetición léxica

Repítense palabras co obxectivo de destacar ou focalizar esa palabra.

Maria Mariño é descendente da serea Mariña da que herdou o amor polo mar. Pero María e Mariña tiñan algo máis en común: un nó na gorxa. O de Mariña era de carne e un castigo por converterse en muller; o de María era de tristura e colocáronllelo aí a pobreza...

Carme Hermida, *Maria Mariño. Unha serea en terra*.



► Repetición ou recorrecia morfosintáctica

Consiste na repetición das mesmas clases de palabras e incluso das mesmas estruturas ou funcións sintácticas.

Neste caso, falamos de **paralelismos**.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruíns e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os baleiros,
non falo pra os estúpidos...

Celso Emilio Ferreiro

----- (do libro de texto de Rodeira) -----

PROCEDIMENTOS REFERENCIAIS

| Deíxe | Mediane este procedemento sitúanse os elementos ou persoas das que se fala ou ás que se alude nun contexto espazo-temporal. | | |
|--|---|---|--|
| Deíxe persoal | Sinala o papel que desempeña un dos participantes do texto. Está realizada por pronomes ou por determinantes (<i>eu, nós, vós, ti, meu, meus...</i>). | | |
| <i>Miña irmá e mais eu íamos a clases de música. Nós aprendemos solfexo e tamén a tocar varios instrumentos.</i> | <i>Aquí perdín onte a carteira, pero atopei-na ali.</i> | <i>Onte o presidente dirixíuse á nación nunha mensaxe televisada.</i> | |
| O procedemento deíctico pode ser anafórico ou catáforo: | | | |
| Anáfora | Catáfora | | |
| A anáfora consiste na presencia dun elemento do texto que remite a outro que xa apareceu anteriormente. <i>Eu merco os zapatos deste andel, merca ti os outros.</i> «Outros» fai referencia a «zapatos». | Consiste na presencia dun elemento do texto que remite a outro que vai aparecer posteriormente. <i>A doutora díxome isto: «Toma o tratamento como che ordenei».</i> «Isto» remite á oración que vén deseguido «Toma o tratamento como che ordenei». | | |

Para evitarmos a reiteración excesiva nos textos empréganse, ademais dos procedementos xa vistos, a **substitución** e a **eliminación**.

A SUBSTITUCIÓN

A **substitución** pode ser **semántica**, realizarse con palabras ou expresións que nos van servir para expresar a mesma idea (sinónimos, antónimos, hiperónimos, metáforas, metonimias, paráfrases, perifrasis ou circunloquios) ou trocar os termos por pronomes e verbos.

| Sinonimia | Antonimia | Hiperonimia |
|--|---|--|
| Consiste en empregar palabras que teñen un significado igual ou semellante ao daquela que queremos substituir. <i>Esta muller é a miña muller. ► Esta muller é a miña esposa, dona.</i> | Consiste en empregar palabras cun significado contrario ao daquela que queremos substituir. <i>Queren xogadoras altas e estas rapazas non son altas.</i> | Emprego de palabras ou de frases que posúen un significado xeral que engloba o doutros vocábulos más concretos. <i>Os alumnos e as alumnas presentáronse a un concurso. ► O alumnado presentouse a un concurso.</i> |
| Se empregamos calquera dos dous sinónimos evitamos repetir a forma <i>muller</i> . | Para non repetir o adjetivo <i>altas</i> , podemos recorrer ao seu antónimo: <i>Queren xogadoras altas e estas rapazas son baixas.</i> | <i>Na tenda mercou sabas, fundas de colchóns, almofadas, colchas, edredóns... ► Na tenda mercou roupa de cama.</i> |



| Metonimia | Metáforas | Paráfrase |
|---|---|--|
| Designase unha cousa ou unha idea co nome doutra coa que mantén unha relación semántica. Por exemplo, cando dicimos «tomei unha copa» o que queremos decir é que tomamos o contenido dunha copa; «no museo hai varios Laxeiros», enténdese que son obras deste pintor; «saco o cráneo ante a túa xenialidade» o que se quere decir é «saco o sombreiro ante a túa xenialidade»... | Substituimos un termo por outro co que mantén unha relación de semellanza. <i>Messi, correu pola área contraria e marcou. O certo é que ao máquina non hai quen o pare.</i> Cando un texto constitúe, todo el, unha metáfora denominámola alegoría . Por exemplo, as fábulas e as parábolas. | A paráfrase consiste en redactar un texto con palabras e frases distintas da orixinal. <i>O neno deulle un bico na testa a seu pai. ► O pequeno pousou un ósculo na fronte do seu proxenitor.</i> |

Perífrase ou circunloquio

As perífrases ou circunloquios consisten no uso de más palabras das necesarias para expresar unha idea ou concepto.

O presidente do Goberno vai recibir a persoa responsable deste centro educativo de secundaria. ► O presidente do Goberno vai recibir a directora do instituto.

A ministra destacou que se reduciu a mobilidade exterior. ► A ministra destacou que se reduciu a emigración.

ELIPSE OU ELIMINACIÓN

A **elipse** consiste na supresión dalgún elemento ou parte do enunciado (palabra, frase, oración ou parágrafo).

Cada gallo canta no seu galiñeiro, e o que é bo, no seu e no alleo.

No exemplo elíðese o verbo **cantar**: *Cada gallo canta no seu galiñeiro, e o que é bo, canta no seu e canta no alleo..*

Repara!

Sempre que poidas, substitúe os verbos *ser, estar, fazer e haber* por outros más acordes coa idea ou significado que queres expresar. O abuso destes verbos dá lugar a un texto pobre e repetitivo.

CONECTORES TEXTUAIS

Existen unha serie de unidades lingüísticas, palabras e expresións como convencións, adverbios, locucións..., que permiten relacionar as distintas partes dun texto (frases, oracións, parágrafos...) e as ideas expostas nel. Estas unidades denomináñanse **conectores** ou **marcadores do discurso** e contribúen, xunto cos procedementos léxicos vistos nas fichas anteriores, a darlle cohesión ao texto.

A gramática conta con numerosos conectores, pero os más comúns son os aditivos, os opositivos, os consecutivos, os referidos ao espazo e ao tempo e os organizadores do discurso.

ADITIVOS E OPOSITIVOS

| Conectores aditivos | Conectores opositivos ou de contraste |
|---|--|
| Empréganse para establecer unha relación de suma, un matiz intensificativo ou de grao máximo entre uns segmentos lingüísticos e outros ou entre unhas ideas e outras. En definitiva, engádese información nova á xa exposta. Algúns dos más usados son: <i>E, tamén, ata/até, do mesmo xeito, incluso, ademais, a propósito, por riba, ánda máis...</i> | Empréganse para establecer relacións de oposición ou de contraste entre os distintos enunciados. Poden expresar matices como a restricción (<i>non obstante, en certo modo...</i>) ou a exclusión (<i>en cambio, ao contrario...</i>). Algúns dos más usados son: <i>Pola contra, ao contrario, máis ben, non obstante, pero, con todo, así e todo, agora ben...</i> |

Repara!

Ás veces, e de forma ocasional, pódense relacionar as distintas partes do discurso empregando o procedemento da **xustaposición** e prescindido dos conectores.

Aproxímase unha forte trebada. Manténan ben pechadas as portas e as ventás.

CAUSAS-CONSECUITIVOS

Os **conectores causais** expresan relacóns entre os enunciados de causa, razón ou motivo e os **de consecuencia**, o resultado ou consecuencia de algo.

Porque te portaches mal, vante castigar.

Neste exemplo, o conector *porque* establece unha relación directa entre a **causa** de «portarse mal» e o seu **efecto**, «vante castigar».

Os marcadores textuais causais e consecutivos más frecuentes son:

► Causais

porque, pois, posto que, dado que, por culpa de, por mor de...

► Consecutivos

polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, daquela, xa que logo, por iso, de aí que,

ESPAZO E TEMPO

Os **conectores espazo-temporais** son palabras ou expresóns (normalmente adverbios, locucións adverbiais, preposiciones e locucións prepositivas) que sitúan os enunciados no espazo e no tempo.

Conecadores temporais

- Poden expresar relacóns de **anterioridade**, de **simultaneidade** e de **posterioridade** con respecto ao momento en que se fala ou se emite o enunciado.
 - **Conecadores que expresan anterioridade:** *antes, anteriormente, daquela...*
 - **Conecadores que expresan simultaneidade:** *actualmente, hogano, xa, agora, agora mesmo, no intre, mentres, asemade, entrementres...*
 - **Conecadores que expresan posterioridade:** *despois, logo, deseguida, a continuación, ao cabo de...*
- Poden localizar un suceso no tempo tomando como referencia as **estacións** (*primavera, verán...*) ou as **partes do día**: *cedo, tarde, trasantonte, antonte, onte, hoxe, mañá, pasadomañá, pola mañá, pola tarde, pola noite...*
- Poden expresar **frecuencia dunha acción**: *sempre, a miúdo, nunca, xamais...*
- Poden expresar **indeterminación no tempo**: *arredor de, sobre, más ou menos, aproximadamente...*
- Poden expresar un **suceso imprevisto**: *de súpeto, de repente...*
- Poden sinalar o **tempo que se tardou en realizar unha acción**: *nun tris, inmediatamente, nun vira vira...*

Conecadores espaciais

Son conectores que localizan os enunciados e os participantes nel nun lugar determinado. Normalmente, esta función realizana preposiciones, locucións preposicionais, adverbios e locucións adverbiais. Os más comuns son:

- **Preposiciones e locucións preposicionais:** *a, ata/até, a través de, a partir de, ante, de, desde, no medio de, cara a, diante, detrás...*
- **Adverbios e locucións adverbiais:** *arriba, abaixo, esquerda, dereita, aquí, alí, aló, alá, adiante, atrás, en fronte...*

Repara!

Na escola que fagamos dos conectores é importante ter en conta o seu carácter informal ou culto. Por exemplo, «por culpa de» é un conector más informal que «por mor de». O mesmo acontece con marcadores como «xa que logo» más culto que «daquela».

Fíxate na diferenza entre estes enunciados.

- a.** *O delegado cometeu un delito fiscal, por culpa do cal o destituíron.*
- b.** *O delegado cometeu un delito fiscal, por mor do cal o destituíron.*
- c.** *Seguiron as pautas indicadas pola dirección; daquela, non son responsables do acontecido.*
- d.** *Seguiron as pautas indicadas pola dirección; xa que logo, non son responsables do acontecido.*

Os exemplos **b** e **d** presentan un carácter más culto ca os exemplos **a** e **c**, que son más informais.

Os conectores consecutivos acostuman ir no inicio do enunciado e seguidos dunha coma.

ORGANIZADORES DO DISCURSO

As palabras e grupos de palabras que nos axudan a estruturar e organizar as ideas cando falamos ou cando as expoñemos nos parágrafos denomináñanse **organizadores do discurso**. Temos organizadores para empezar un **discurso**, para **continuar** e para **concluír**.

Os marcadores más importantes son os introdutorios ou tematizadores, os ordenadores, os comentadores, os digresores, os reformuladores, os distanciadores e os conclusivos.

Marcadores introdutorios ou tematizadores

Introducen un tema: *no inicio, en principio, en comezando, para empezar, ante todo, en primeiro lugar...*

En comezando este achegamento ao desenvolvemento dos principais proxectos xornalísticos, veremos cales callaron e cales non.

Marcadores comentadores

Introducen un tema novo ou ofrecen unha perspectiva distinta da ofrecida anteriormente: *pois ben, dito isto, así as cousas...*

Estes son os dez requisitos esixidos polo goberno municipal para autorizar os gastos. Pois ben, o equipo de goberno municipal considera que neste momento existen unha serie de gastos que cumplen tales requisitos.

Marcadores reformuladores

Aclaran o exposto anteriormente: *mellor dito, é dicir, ou sexa, noutras palabras, máis ben, isto é...* Dentro deles podemos incluir os **exemplificadores**: *por exemplo...*

No venres, ou más ben na madrugada do sábado, aconteceu o tráxico accidente.

Marcadores ordenadores

Introducen unha orde ou secuencia de ideas: *en primeiro lugar, en segundo lugar, por unha parte, por outra, dunha banda, doutra banda...*

Dunha banda, con este libro mergulla en historias interesantes e, **doutra banda**, abre as portas á fantasia.

Marcadores digresores

Introducen un tema que ten pouca relación co anterior: *dito sexa de paso, a propósito, por certo, entre paréntese, a todo isto...*

Existen moitas versións sobre as orixes de San Vitorio; nós apoiamos a dada por un gran historiador que, dito sexa de paso, ten debilidade por Maside.

Repara!

Existen organizadores propios do discurso oral que non se acostuman empregar na escrita a non ser que reproduzamos un discurso falado. Algunos deles son: *claro, ves, oes, escucha, e vai e, non si, o caso é que...*

Ademais dos conectores e organizadores do discurso lembra que é fundamental coñecer a presentación e a puntuación. É importante coñecer cal é a estrutura propia dunha carta, dunha reportaxe, dun resumo... así como usar os signos de puntuación axeitados para conseguir un texto coherente e ben cohesionado.

Marcadores distanciadores

Introducen a pouca relevancia que se lle quere dar ao dito anteriormente: *en calquera caso, de todas as maneiras, de todas as formas, de todos os xeitos...*

Confío pouco na mansedume e, en calquera caso, prefiro a resistencia.

Marcadores conclusivos ou sintetizadores

Introducen unha recapitulación ou conclusión do dito anteriormente: *en resumo, por fin, como conclusión, en definitiva, resumindo, en síntese...*

Resumindo, todos temos que continuar loitando polos dereitos laborais.

OS MARCADORES TEXTUAIS

CONECTORES (Para ligar ben as ideas)

- ▣ **Aditivos (para engadir ideas relacionadas)**: ademais, tamén, así mesmo, do mesmo xeito, igualmente, á parte diso, alén diso, e aínda máis...
- ▣ **De reforzo (para confirmar e ampliar)**: en efecto, así é, efectivamente, de feito, en realidade...
- ▣ **De concreción (para inserir detalles e exemplos)**: por exemplo, en concreto, concretamente, en particular, como ilustración...
- ▣ **Contraargumentativos (para contrastar ideas, indicar oposición)**: ante isto, pola contra, polo contrario, en cambio, porén, agora ben, non obstante, con todo, así e todo...
- ▣ **Causais - consecutivos (para ligar causas e consecuencias)**: debido a, por causa de, entón, daquela, polo tanto, por iso, por conseguinte, así pois...
- ▣ **Reformuladores (para explicar mellor, rectificar, precisar)**: ou sexa, é dicir, quer decir, ou o que é o mesmo, mellor dito, máis ben, noutras palabras, en calquera caso, de todos os xeitos, en todo caso, iso si...
- ▣ **Recapitulativos e conclusivos (para resumir e pechar)**: en resumo, en síntese, en conclusión, visto o anterior, en definitiva...

ORGANIZADORES DO DISCURSO (Para estruturar a información)

- ▣ **Para ordenar as ideas (inicio, continuidade, enumeración, peche)**: en primeiro lugar, para empezar, en segundo lugar, a seguir, por un lado/unha parte, por outro lado/outra parte, por último, finalmente...
- ▣ **Para inserir digresións ou comentarios**: por certo, a propósito, pois ben, falando de...

MODIFICADORES TEXTUAIS (Para orientar o sentido)

- ▣ **Para introducir a actitude do emisor ou amosar puntos de vista**: sen dúbida, sinceramente, por sorte, habitualmente, desde a nosa posición...
- ▣ **Para situar a información (tema, fontes, marco...)**: no que se refire a, a respecto de, no que atinxe a, en canto a, segundo este informe, como dixo X, nestas circunstancias...

MODALIZADORES (Para indicar valoración na conversa)

- ▣ **Marcadores conversacionais**: claro, de acordo, desde logo, por suposto, vale...